

COMISIÓN INFORMATIVA DE TRANSPARENCIA E ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **18 de setembro de 2019**

Na sala de xuntas do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás 17.00 horas do día 18 de setembro de 2019, reúnese a Comisión Informativa de Transparencia e Administración Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Plácido Álvarez Dobaño

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Ana María Villarino Pardo

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D. Jorge Pumar Tesouro

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Margarita Pérez Fernández

D. Aurentino Alonso Araújo

Deputado de Democracia Ourensana: D. José Miguel Caride Domínguez

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía: D.^a Montserrat Lama Novoa

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Mónica Legaspi Días.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á EXTRAORDINARIA DO DÍA 19 DE XULLO DE 2019

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á extraordinaria do día 19 de xullo de 2019.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión extraordinaria da Comisión Informativa de Transparencia e Administración Provincial do día 19 de xullo de 2019, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE O PARQUE MÓBIL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, dá conta do contido da moción, indicando que como xa está en poder de todos os deputados/as, non fai falta facer unha explicación máis profunda.

D.ª Montserrat Lama Novoa, de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía, indicando que no contido da moción bota en falta un estudo ou un plan de viabilidade económica sobre a proposta que se trae e que demostre que uso do taxi, como se pide na moción, sexa economicamente máis rendible que os coches oficiais. Engade que na súa condición de membro do grupo de goberno na anterior lexislatura sempre fixo un uso escrupuloso dos coches oficiais, exclusivamente para actos institucionais e solicítalle ao Grupo Socialista que trasladen tamén este tipo de peticións á Presidencia do Goberno do Estado.

D. Bernardo Varela López, do BNG, indica que o seu grupo se vai abster, indicando que na súa opinión non ten moito sentido andar enleando con este tipo de mocións. Previsiblemente, indica que o uso que se fai dos vehículos oficiais sexa mellorable, pero que en todo caso existen asuntos de maior transcendencia e importancia para tratar no pleno da Deputación. Respecta tanto a decisión do alcalde do Concello de Ourense de utilizar taxis como a da Deputación de utilizar coches oficiais.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, contéstalle á Sra. Lama Nóvoa que se ten a gusto estaba no grupo de goberno non entende por qué razón o abandonou e que en política se está para facer cousas útiles para os veciños/as, non como don Albert Rivera, que parece que está para todo o contrario.

D.ª Montserrat Lama Novoa, de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía, replica que ela está en política para facer o que ela considere e non o que opine o Partido Socialista. Está de

acordo coa intervención do BNG no sentido de que hai asuntos moito máis transcendentales para a provincia que esta moción, á que cualifica de oportunista.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, engade que o oportunismo ven dado precisamente pola decisión adoptada recentemente polo Pleno do Concello, de utilizar os taxis e que, posto que comparten grupo de goberno Concello e Deputación debería haber coherencia entre as dúas administracións.

Non se producen máis intervencións, someténdose a votación a moción, e ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (3), o voto en contra do Grupo Popular (5) e de Democracia Ourensana (1), e a abstención do BNG (1) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1), a comisión informativa **non** ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

Primeiro.- Que se proceda a suprimir os vehículos oficiais da Deputación Provincial de Ourense, mediante a súa venda ou poxa polas canles legais oportunas, de xeito que a partir da materialización do presente acordo, os deputados, deputadas e persoal ao seu servizo pase a empregar os servizos públicos de transporte colectivo ou de autotaxi, segundo sexa máis eficaz e eficiente para as arcas provinciais en cada caso.

Segundo.- Que a Deputación Provincial de Ourense proceda á tramitación dun concurso público para a realización de desprazamentos mediante o servizo de autotaxi, ou ben que se formalice un convenio coa asociación de profesionais do autotaxi da provincia de Ourense, para a utilización dos seus servizos.

Terceiro.- Que a Deputación Provincial de Ourense implante un rexistro público, de actualización mensual e accesible a través da páxina web da institución, no que poidan ser consultadas, en todo momento e por todos os cidadáns, as viaxes realizadas, as persoas que participaron en cada desprazamento, os motivos e os custos.

3º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, pregunta por cinco actas do Pleno, dúas do ano 2016 e tres do ano 2019 e di que non están colgadas no portal de transparencia.

O **presidente da comisión**, di que se tratará de solucionar a dita problemática.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, indica que no portal de transparencia figura aínda a corporación anterior, e pide que se actualicen os ditos datos.

D. Jorge Pumar Tesouro, do Grupo Popular, sinala que as actas ás que fixo referencia o Sr. Vila Araújo están na web da Deputación, aínda que non estean no portal de transparencia.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, pregunta se existe algún de tipo de solicitude de compatibilidade ou algún procedemento en marcha co deputado don Armando Ojea Bouzo, que ten dedicación política na Deputación Provincial.

O **presidente da comisión** indica que se lle dará a información pertinente. Aproveita a súa intervención para dar conta do auto do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, recibido no día de hoxe, no que non se admite a trámite o recurso de casación autonómico contra a sentenza que anulou o concurso para provisión de postos da Deputación Provincial de Ourense. Entende que, evidentemente, se vai acatar este auto e que se lles vai pedir aos servizos xurídicos da Deputación que o valoren e que valoren a posibilidade ou non de recorrela en amparo ante o Tribunal Constitucional ou que se adopten as medidas que se estimen procedentes.

E, ás 17.15 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.